

MOCIÓN DE AER SOBRE ORDENANZAS FISCAIS

PLENO 29 FEBREIRO 2012. ACTA 2/2012

Antecedentes

Moción de AER que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte **MOCIÓN**, pra o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último pleno celebrado en xaneiro, o BNG presentou unha moción referente ao IBI que foi aprobada co apoio de AER e PSOE. Dende AER propuxemos que se crease un grupo de traballo para a análise deste e doutros impostos nos que o Concello ten a potestade de regular, como no caso do IBI respecto das familias numerosas ou de quen instale enerxías limpas nas súas vivendas.

A maiores deste imposto, existen outros como é o de plusvalía municipal. Cabe resaltar que neste imposto se teñen detectado anomalías, quedando reflexadas ao preguntalo no seu día no Concello e tamén confirmadas no Consello Parroquial de Chapela en palabras de Teresa Paris e Miguel Angel Ballesteros, aínda que Ana Alonso, concelleira de Facenda, teña matizado as irregularidades pero non as deficiencias que cuantificou en 2,2 millóns de euros non recadados entre tódolos impostos e taxas.

Ao abeiro da lexislación que permite esta intervención do Concello na recadación de taxas: *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, “ polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais”*.

Mediante bonificacións sobre o importe total ou bonificacións potestativas, ten o Concello capacidade para determinar incrementos ou descontos que entendemos deben ser analizados dentro do marco da aprobación dos presupostos do 2012.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

- Crear unha mesa de traballo cos distintos grupos presentes no Concello para a análise e posibles modificacións de ordenanzas, así como da eficacia dos mecanismos recadatorios.

Dita mesa de traballo iniciaría os seus labores antes de finalizar o mes de marzo do 2012 e trataría sobre as seguintes ordenanzas (sen descartar outras revisións ou suxerencias que puideran resultar).

- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles no Concello de Redondela.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas no Concello de Redondela.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana no Concello de Redondela.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes sendo vinteun votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE,2 do BNG e 1 de AER) acordou aprobar a moción transcrita sinalándose que no lugar dunha “mesa de Traballo” tratarase a cuestión na Comisión de Facenda que será convocada o máis axiña posible.